

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun recurso de alzada en materia de dependencia

Expediente: G.6.Q/21406/17

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ... relativo ao retraso dun recurso de alzada en materia de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que interpuxo recurso de alzada contra a resolución da Consellería de Política Social de 7 de novembro de 2016, exp. (provincial ...), polo cal se revisa o PIA e se outorga unha libranza para praza residencial. O 26 de agosto de 2010 solicitouse prestación de dependencia, sendo recoñecido o 31 de xaneiro de 2011 o grao III nivel 1 con carácter permanente. O 14 de decembro de 2015 aprobouse o PIA e se recoñece libranza para coidados na contorna familiar, corrixido por sentenza xudicial en canto aos atrasos. O 23 de xullo de 2015 poñeríase en coñecemento da consellería o cambio nas condicións de saúde e a necesidade de recoñecemento de prestacións distintas. O 30 de agosto de 2016 reclámase o ingreso nunha residencia para a 3ª idade en atención ao empeoramento das condicións. O 7 de novembro se dita a resolución e o 22 de decembro interpón o recurso de alzada, que non respondeuse.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“... Os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada en base ao regulado no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

No artigo 122.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establécese que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderá entenderse desestimado o recurso (...); sen prexuízo da obriga da Administración de resolver expresamente.

No caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia, o gran volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O seu recurso de alzada atópase actualmente pendente da elaboración da proposta de resolución pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Non obstante, neste ano está previsto levar a cabo un plan extraordinario para resolver mediante horas extras o maior número posible de recursos pendentes de resolución relativos a este procedemento”.

ANÁLISE

1. Confírmase que o recurso se atopa retrasado; foi interposto o 22 de decembro e aínda non se resolveu, despois de que vencera o prazo legal (3 meses). Ademais a consellería non indica cando se resolverá (sinala que o fai polo orde de entrada), polo que permanece a incerteza. Tamén se sinala que dado o gran volume de recursos e o seu retraso se ten previsto un plan extraordinario para resolver a situación, o que tampouco permite establecer unha data de resolución, aínda que fora aproximada.

O retraso do recurso non permite coñecer sobre o fondo do asunto, que é o outorgamento dun PIA que non se corresponde co reclamado (se da unha prestación económica para servizo e non unha praza residencial).

2. Os recursos deben resolverse en 3 meses, de acordo co previsto no art. 122.2 da Lei 39/2015, polo que o prazo para resolver venceu. O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, a administración non pode alegar esa circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución.

3. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con diversidade funcional de carácter físico, sensorial e psíquica, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración

autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva o recurso de alzada pendente, que se atopa retrasado, e que nel se resolva sobre o fondo do asunto; e que tamén con urxencia se apliquen as medidas de reforzo anunciadas para solucionar o retraso dos recursos interpostos por cuestións de dependencia.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo